

# ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO, CARGA, DESCARGA E VAOS

## Artigo 1º.- Concepto.

De conformidade co previsto no artigo 58 en relación co artigo 20.2 letra h, ambos da Lei 39/1988 do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, este concello establece a taxa por utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais pola reserva de vía pública para aparcamentos exclusivos, carga e descarga de mercancías de calquera clase, especificando en Tarifas contidas no apartado 2 do artigo 4º seguinte, que se rexerá pola presente Ordenanza.

## Artigo 2º.- Suxeitos pasivos.

Están obrigados ó pago da taxa regulada nesta Ordenanza as persoas ou entidades a favor de quen se outorguen as licencias, ou quen se beneficie do aproveitamento, se se procedeu sen a oportuna autorización.

## Artigo 3º.- Categoría das rúas e polígonos.

Os efectos previstos para a aplicación da tarifa do apartado 2 do artigo 4º seguinte, as vías públicas deste municipio clasifícanse nunha única categoría.

## Artigo 4º.- Cota.

1.-A contía da taxa regulada nesta Ordenanza será fixada nas tarifas contidas no apartado seguinte:

2.- As tarifas da taxa serán as seguintes:

### Tarifa primeira.-

Entrada de vehículos nos edificios ou garaxes particulares e os situadas en zonas ou rúas particulares que formen parte de comunidades de propietarios, con prohibición de aparcamento para vehículos fronte ó vao.

- |   |                  |
|---|------------------|
| 1.- Vivenda Unifamiliar, por cada metro lineal de vao .....   | 6,01 euros/ano   |
| 2.- Edificios con máis de unha vivenda e sempre que non pase de dúas por cada metro lineal de vao ..... | 12,02 euros/ano  |
| 3.- Edificios que pasen de dúas vivendas por cada metro lineal de vao.....                              | 24,04 euros /ano |

### Tarifa segunda.-

Entrada en garaxes ou locais para garda de vehículos con prohibición de aparcamento fronte ó vao:

Nº de praza	euros por metro lineal e ano
Ata 3 .....	24,04 euros/ano
De 4 a 6 .....	30,05 euros/ano

Máis de 6 ..... 36,06 euros/ano

Tarifa terceira.-

Entrada de vehículos a locais de venda e exposición, reparación ou prestación de servizos de lavado, engraxe e mantemento xeral, con prohibición de aparcarse fronte ó vao:

Por cada metro lineal de vao ..... 12,02 euros/ano

Artigo 5.- Normas de Xestión.

1.- As cantidades esixibles con arreglo ás tarifas liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irreducibles polos períodos naturais de tempo sinalados nos respectivos epígrafes.

2.- As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos regulados nesta Ordenanza, deberán solicitar, previamente, a correspondente licenza e formular declaración acompañando un plano detallado do aproveitamento e da súa situación dentro do municipio.

3.- Os servizos técnicos deste concello comprobarán e investigarán as declaracións formuladas polos interesados, concedéndose as autorizacións de non encontrar diferencias coas peticións de licencias; si se deran diferencias, notificaranse as mesmas ós interesados e xiraranse, no seu caso, as liquidacións complementarias que procedan, concedéndose as autorizacións unha vez subsanadas as diferencias polos . interesados e, no seu caso, realizados os ingresos complementarios que procedan.

4.- En caso de denegarse as autorizacións, os interesados poderán solicitar a este concello a devolución do importe ingresado.

5.- Unha vez autorizada a ocupación entenderase prorrogada mentres non se presente a declaración de baixa polo interesado.

6.- A presentación da baixa surtirá efectos a partir do día primeiro do semestre natural seguinte ó da súa presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

Artigo 6.- Devengo.

1.- A obriga de pago da taxa Ordenanza nace:

a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos na vía pública, no momento de solicitar a correspondente licenza.

b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizadas e prorrogadas.

2.- O pago da taxa realizarase:

a) Tratándose de autorizacións de novos aproveitamentos, por ingreso directo na Tesourería Municipal ou onde establecese o concello, pero sempre antes de retirar a licenza.

b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, unha vez incluídas en padróns ou matrículas desta taxa, por anos naturais nas oficinas da recadación municipal, dende o día 16 do onceavo mes do ano ata o día 15 do seguinte mes.

## DISPOSICIÓN FINAL.-

A presente Ordenanza entrará en vigor unha vez publicada no Boletín Oficial da Provincia, e transcurrida o prazo a que se refire o artigo 70.2 en relación co 65.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local.